



I.E.S.  
A XUNQUEIRA I

**OFERTA EDUCATIVA**

**E.S.O.**

**CON DESCRIPTORES DE MATERIAS OPTATIVAS**

## ÍNDICE

### 1º ESO

<b>OFERTA EDUCATIVA 1º ESO</b> .....	<b>3</b>
<b>PROXECTO COMPETENCIAL (Iniciación ao Teatro)</b> .....	<b>4</b>
<b>RELIXIÓN 1º ESO</b> .....	<b>5</b>

### 2º ESO

<b>OFERTA EDUCATIVA 2º ESO</b> .....	<b>6</b>
<b>PROXECTO COMPETENCIAL (Hábitos saudables e Medio Ambiente)</b> .....	<b>7</b>
<b>RELIXIÓN 2º ESO</b> .....	<b>8</b>

### 3º ESO

<b>OFERTA EDUCATIVA 3º ESO</b> .....	<b>9</b>
<b>CULTURA CLÁSICA</b> .....	<b>10</b>
<b>CULTURA FINANCIEIRA</b> .....	<b>11</b>
<b>EDUCACIÓN DIXITAL</b> .....	<b>12</b>
<b>FRANCÉS (2ª LINGUA ESTRANXEIRA)</b> .....	<b>13</b>
<b>ORATORIA</b> .....	<b>14</b>
<b>PROXECTO COMPETENCIAL (O mundo: Unha viaxe virtual)</b> .....	<b>15</b>
<b>RELIXIÓN 3º ESO</b> .....	<b>16</b>

### 4º ESO

<b>OFERTA EDUCATIVA 4º ESO (Dirixido a Bach de Ciencias)</b> .....	<b>17</b>
<b>OFERTA EDUCATIVA 4º ESO (Dirixida a CCSS e Humanidades)</b> .....	<b>18</b>
<b>OFERTA EDUCATIVA 4º ESO (Dirixida a Ciclos Medios de FP)</b> .....	<b>19</b>
<b>CULTURA CLÁSICA</b> .....	<b>20</b>
<b>DIXITALIZACIÓN</b> .....	<b>21</b>
<b>EXPRESIÓN ARTÍSTICA</b> .....	<b>22</b>
<b>FILOSOFÍA</b> .....	<b>23</b>
<b>FRANCÉS (2ª LINGUA ESTRANXEIRA)</b> .....	<b>24</b>
<b>MÚSICA</b> .....	<b>25</b>
<b>ORATORIA</b> .....	<b>26</b>
<b>PROXECTO COMPETENCIAL (Axudas á Comunidade)</b> .....	<b>27</b>
<b>RELIXIÓN 4º ESO</b> .....	<b>28</b>

# 1º E.S.O.

## COMUNES

**BIOLOXÍA E XEOLOXÍA (3 h.)**  
**EDUCACIÓN FÍSICA (3 h.)**  
**EDUCACIÓN PLÁSTICA, VISUAL E AUDIOVISUAL (2 h.)**  
**LINGUA CASTELÁ (3 h.)**  
**LINGUA ESTRANXEIRA (2ª LINGUA)—FRANCÉS (2 h.)**  
**LINGUA ESTRANXEIRA—INGLÉS (3 h.)**  
**LINGUA GALEGA (4 h.)**  
**MATEMÁTICAS (4 h.)**  
**TECNOLOXÍA E DIXITALIZACIÓN (3 h.)**  
**TITORÍA (1 h.)**  
**XEOGRAFÍA E HISTORIA (3 h.)**

## OPTATIVAS (A eleixir unha)

**PROXECTO COMPETENCIAL (Iniciación ao Teatro) (1 h.)**  
**RELIXIÓN CATÓLICA (1 h.)**



# PROXECTO COMPETENCIAL

## INICIACIÓN AO TEATRO



O departamento de Francés Lingua Estranxeira do I.E.S Xunqueira 1 propoñe abordar este obradoiro de Teatro para o alumnado de 1º da ESO. A materia será impartida pola profesora M<sup>a</sup> Carlota Penelas Grela.

O teatro é unha estratexia pedagóxica, lúdica, motivadora, transversal e multidisciplinar que parte da inmersión dun aula completa nun proxecto dramático. Este obradoiro pretende aglutinar o colectivo ao redor dunha empresa que pertence a todos é a cada un. Tod@s serán protagonistas e autores porque a materia será flexible a súas necesidades.

O obxectivo fundamental é que o alumnado consiga aquelas capacidades indispensables para a súa plena realización persoal e social.

### Que vou a aprender:

- Eleva a autoestima e a autoconfianza do alumnado.
- Crear na aula un marco de convivencia agradable.
- Fomentar hábitos de conduta que potencien a socialización, tolerancia e cooperación.

### Que vou facer:

Dado o carácter práctico da materia o alumnado terá que demostrar un grao mínimo na súa capacidade para improvisar unha secuencia de movementos, libres ou cun fin determinado, para participar individualmente ou en grupo nas distintas tarefas, para respetar as ideas alleas, para deseñar un espectáculo. A pretensión deste obradoiro é que o alumnado adquira as competencias claves e estándares a través do principio de “ **aprender facendo**”.

Como?: con actividades diarias de carácter creativo: como improvisacións, participación en xogos colectivos, gravacións, mímica, lectura, montaxe de escenas,...

4. Para **máis información** falar con M<sup>a</sup> Carlota Penelas Grela.



# RELIXIÓN

## Que vou a aprender:

Querido/a alumno/a, si este curso decides elixir a materia de Relixión Católica en 1º da ESO, entre outras moitas cousas, viaxaremos ata a orixe da Relixión e das diferentes relixións do mundo, e desde a antigüidade, a través dos seus templos, divinidades e escritos como os dos seus mitos de Creación, chegaremos ata a orixe do cristianismo, a Xesús e á súa proposta de valores para procura do sentido da vida persoal, do ben común e dunha sociedade xusta e respectuosa coas persoas, coa natureza e coa expresión das outras relixións.



## Que vou a facer (como me van a avaliar):

Faremos todo o traballo nas horas de clase. A profesora elabora e aporta o material sobre o que traballarás cada bloque temático. Utilizaremos: guións, textos, fichas, mapas, imaxes, noticias da actualidade, cine, materiais na web, xogos e dinámicas grupais..., para que ti mesmo/a de xeito autónomo seas protagonista da túa propia aprendizaxe, e vaias elaborando o teu personal libro de texto.

Para a túa avaliación contará: o traballo individual/grupal, a actitude cara a materia, ti mesmo/a e os demais, o ficheiro ao día, máis unha sinxela autoavaliación trimestral do traballo na aula, que che axudará a darte conta de que si prestas atención e participas con escoita activa na clase, sabes moito máis do que ti crés.

Teremos a posibilidade de interacción e colaboración en proxectos e campañas con diferentes entidades, asociacións e ONX, así como de saídas extraescolares para reforzar in situ coñecementos previos e a cohesión do grupo.

## Con que estudos superiores está relacionada/desempeños profesionais:

Presentamos valores esenciais válidos para calquera orientación e rama profesional que decidas escoller: humanística e artística, tecnolóxica, científica, da saúde, etc. Temos achegamentos a moitas facetas do coñecemento, que poden servir de base para diferentes estudos como: a Historia Antiga e Contemporánea, Historia da Arte, Belas Artes e Restauración, Arqueoloxía, Xeografía, Antropoloxía, Socioloxía, Maxisterio, Resolución de conflitos e mediación, Ecoloxía, Literatura Universal, Filosofía, Ética, Psicoloxía, Pedagogía, Teoloxía seclar ou sacerdotal, Ciencias Relixiosas, Dereito antigo e actual, Linguas Clásicas (latín e grego), Patrimonio cultural (material e inmaterial), Servicios Sociais, etc, sen perder nunca de vista a potenciación do teu valor como persoa que é un tesouro único, valioso e irrepetible, acompañándote no camiño de búsqueda da túa vocación persoal e do Sentido da túa vida.

**Para máis información falar coa profesora de Relixión :** Elena Ferro Dios

# 2º E.S.O.

## COMUNES

**EDUCACIÓN FÍSICA (2 h.)**  
**FÍSICA E QUÍMICA (3 h.)**  
**LINGUA CASTELÁ (4 h.)**  
**LINGUA ESTRANXEIRA (2ª LINGUA)—FRANCÉS (2 h.)**  
**LINGUA ESTRANXEIRA—INGLÉS (3 h.)**  
**LINGUA GALEGA (3 h.)**  
**MATEMÁTICAS (5 h.)**  
**MÚSICA (2 h.)**  
**TECNOLOXÍA E DIXITALIZACIÓN (3 h.)**  
**TITORÍA (1 h.)**  
**XEOGRAFÍA E HISTORIA (3 h.)**

## OPTATIVAS (A elexir unha)

**PROXECTO COMPETENCIAL**  
**(Hábitos saudables e Medio Ambiente) (1 h.)**

**RELIXIÓN CATÓLICA (1 h.)**



# PROXECTO COMPETENCIAL

## HÁBITOS SAÚDABLES E MEDIO AMBIENTE

Estás interesada ou interesado en manter unha vida saudable e responsable co noso planeta, pois esta é a túa materia.



### Que vou a aprender?

Na materia de proxecto competencial vamos a coñecer, dende unha actitude responsable e crítica, distintas problemáticas as que se enfrenta a nosa sociedade e as persoas que viven nela.

O cambio climático, a actividade física para a saúde, o consumo responsable dos recursos do noso planeta, o autoabastecemento alimenticio a través da creación e xestión dun horto escolar, o coñecemento e identificación das especies arbóreas da nosa contorna próxima... son algúns dos moitos temas que se poden abordar nesta materia que vas a cursar.

A través de distintos contextos imos integrar competencias que engloban o pensamento crítico, a resolución de problemas o traballo en equipo, as capacidades de comunicación e a creatividade para sacar a diante os distintos proxectos que se propoñan.

### Que vou a facer (como me van a avaliar):

Traballos monográficos ou proxectos de investigación en grupo sobre as distintas temáticas abordadas.

Nestes traballos valorarase os contidos dos mesmos, a capacidade de organización para desenvolver un traballo grupal, as habilidades comunicativas e máis expositivas así como o emprego de soportes audiovisuais que nos servirán de apoio na elaboración e exposición das nosas propostas.

### Con que estudos superiores está relacionada/desempeños profesionais:

Se ben esta materia non se relaciona de xeito directo con estudos superiores, si que nos vai a dar ferramentas útiles para abordar os distintos retos aos que nos enfrontemos ao longo da nosa vida tanto escolar coma como cidadáns.

A introdución ao método científico, o traballo en equipo, a resolución de problemas... son aspectos que nos serán de utilidade para a nosa formación e para os nosos desempeños profesionais futuros.

**Para máis información falar co responsable da Xefatura de estudos.**



# RELIXIÓN

## Que vou a aprender?

Querido/a alumno/a, si este curso decides elixir a materia de Relixión Católica en 2º da ESO, entre outras moitas cousas, viaxaremos ao pasado para coñecer a fondo a figura de Xesús e o seu mundo, descubrindo os seus familiares e amizades, quen foi, cómo viveu, falou e actuou, para que , máis de 2000 anos despóis, tanto ÉI como a súa proposta de valores sigan sendo un referente na vida de milleiros de persoas no mundo e na Igrexa na procura da xustiza, da verdade, da igualdade, da liberdade e da fraternidade universal.



## Que vou a facer (como me van a avaliar):

Faremos todo o traballo nas horas de clase. A profesora elabora e aporta o material sobre o que traballarás cada bloque temático. Utilizaremos: guións, textos, fichas, mapas, imaxes, noticias da actualidade, cine, materiais na web, xogos e dinámicas grupais..., para que ti mesmo/a de xeito autónomo seas protagonista da túa propia aprendizaxe, e vaías elaborando o teu personal libro de texto.

Para a túa avaliación contará: o traballo individual/grupal, a actitude cara a materia, ti mesmo/a e os demais, o ficheiro ao día, máis unha sinxela autoavaliación trimestral do traballo na aula, que che axudará a darte conta de que si prestas atención e participas con escoita activa na clase, sabes moito máis do que ti crés.

Teremos a posibilidade de interacción e colaboración en proxectos e campañas con diferentes entidades, asociacións e ONX, así como de saídas extraescolares para reforzar in situ coñecementos previos e a cohesión do grupo.

## Con que estudos superiores está relacionada/desempeños profesionais:

Presentamos valores esenciais válidos para calquera orientación e rama profesional que decidas escoller: humanística e artística, tecnolóxica, científica, da saúde, etc. Temos achegamentos a moitas facetas do coñecemento, que poden servir de base para diferentes estudos como: a Historia Antiga e Contemporánea, Historia da Arte, Belas Artes e Restauración, Arqueoloxía, Xeografía, Antropoloxía, Socioloxía, Maxisterio, Resolución de conflitos e mediación, Ecoloxía, Literatura Universal, Filosofía, Ética, Psicoloxía, Pedagogía, Teoloxía seglar ou sacerdotal, Ciencias Religiosas, Dereito antigo e actual, Linguas Clásicas (latín e grego), Patrimonio cultural (material e inmaterial), Servicios Sociais, etc, sen perder nunca de vista a potenciación do teu valor como persoa que é un tesouro único, valioso e irrepetible, acompañándote no camiño de búsqueda da túa vocación persoal e do Sentido da túa vida.

**Para máis información falar coa profesora de Relixión :** Elena Ferro Dios



# 3º E.S.O.

## COMUNES

**BIOLOXÍA E XEOLOXÍA (2 h.)**  
**EDUCACIÓN EN VALORES CÍVICOS E ÉTICOS (1 h.)**  
**EDUCACIÓN FÍSICA (2 h.)**  
**EDUCACIÓN PLÁSTICA VISUAL E AUDIOVISUAL (2 h.)**  
**FÍSICA E QUÍMICA (2 h.)**  
**LINGUA CASTELÁ (4 h.)**  
**LINGUA ESTRANXEIRA—INGLÉS (3 h.)**  
**LINGUA GALEGA (3 h.)**  
**MATEMÁTICAS (4 h.)**  
**MÚSICA (2 h.)**  
**TITORÍA (1 h.)**  
**XEOGRAFÍA E HISTORIA (3 h.)**

## OPTATIVAS (A elexir unha)

**2ª LINGUA ESTRANXEIRA (FRANCÉS) (3 h.)**  
**EDUCACIÓN DIXITAL (3 h.)**  
**CULTURA CLÁSICA (3 h.)**  
**CULTURA FINANCIEIRA (3 h.)**  
**ORATORIA (3 h)**

## (A elexir unha)

**PROXECTO COMPETENCIAL**  
**(Viaxe a través da música) (1 h.)**

**RELIXIÓN CATÓLICA (1 h.)**



# CULTURA CLÁSICA



## Que vou a aprender?

A **cultura clásica** é unha materia na que se estudan diferentes aspectos da cultura grega e romana antigas que seguen vivos e presentes aínda hoxe, en todos os aspectos da cultura occidental: mitoloxía, literatura, educación, costumes, economía, dereito, organización social, exército, historia, arte, lingua... O que se aprende nesta materia é a orixe da nosa propia cultura, lingua e costumes.

## Que vou a facer ? (como me van a avaliar)

As clases son moi participativas e amenas porque, en realidade, todos o alumnado ten, as veces sen sabelo, moitos coñecementos que aportar sobre a cultura na que viven inmersos.

Antes de tratar cada tema, vemos que sabe o alumnado sobre o mesmo a partir doutras materias, das lecturas que fixeron en cursos anteriores, das súas viaxes e excursións, das visitas á museos, películas...

Para a avaliación terase en conta o traballo e a participación na aula, aínda que tamén se fará algunha proba escrita para valorar os coñecementos acadados de cada tema

## Con que estudos está relacionada

Con cultura clásica coñecerás as bases da arte, mitoloxía, historia...

## Para máis información falar con...

Loli Cruz ou Marita García



# CULTURA FINANCIERA

Na nosa vida diaria estamos rodeados por moitas cuestións económico-financeiras que nos inflúen de maneira decisiva: temos que traballar para obter uns ingresos (salarios que veñen detallados na nómina), as persoas aforran e se endebedan, temos a obriga de pagar impostos, compramos bens pagando un prezo e cando estes suben, perxudican as familias; tamén buscamos rendibilidade os nosos aforros e mercamos acción, etc... Si estás interesado/a en coñecer e comprender todas estas cuestións ( e moitas máis) que nos afectan no noso día a día, esta é a tua materia.



## ¿Qué vou a aprender?

Moitos conceptos económicos-financeiros que te permitirán entender o funcionamento económico da nosa sociedade: Aprenderás que é o diñeiro e as súas diversas formas, que é un salario/nómina, a importancia do aforro e da deuda ( vantaxes e inconvenientes).

Comprenderás que é unha factura, unha conta bancaria física e dixital, a explicacións das causas dos aumentos dos prezos e as consecuencias que teñen, diferentes formas de estafa e fraude nas finanzas persoais, etc.....

## ¿Qué vou facer

Faremos traballos individuais e tamén en grupo. Veremos documentais e noticias (prensa, televisión...) de contido económico, teredes charlas sobre temática financeira, e unha proba obxectiva para avaliar os vosos coñecementos.

## ¿Con que estudos superiores está relacionada/desempeños profesionais?

- Ciclos Medios e superiores de Xestión Administrativa e Administración e Finanzas
- Graos en Economía, ADE( Administración e Dirección de Empresa).
- Dereito, Publicidade, Ciencias da Actividade Física e o Deporte, etc...(en estos grados teñen materias específicas de economía)



# EDUCACIÓN DIXITAL

Esta materia trata de favorecer os aprendizaxes que lle permitan ao alumnado facer un uso competente das tecnoloxías, tanto na xestión de dispositivos e entornos de aprendizaxe como no fomento do benestar dixital, o que posibilita co alumnado tome conciencia e constrúa unha identidade dixital adecuada.



## Que vou a aprender?

A materia inicia os coñecementos, destrezas e actitudes en competencia dixital cunha metodoloxía práctica, na que aprenderán a traballar con programas de edición de textos, follas de cálculo, debuxo, programación, robótica, impresión 3D, etc. E abórdase con un enfoque transversal e continuado ao longo do curso dos contidos necesarios para poder exercer una cidadanía dixital activa e comprometida de modo seguro, completando o proceso de formación dixital do alumnado.

## Que vou a facer (como me van a avaliar):

Os materiais estarán aloxados na aula virtual MOODLE e realizarán traballos de investigación, exposicións audiovisuais e tarefas relacionadas cos contidos. Cuestionarios, probas escritas e traballos realizados polo alumnado serán os instrumentos para a súa avaliación.

## Con que estudos superiores está relacionada/desempeños profesionais:

Na ESO está relacionada coa materia DIXITALIZACIÓN no 4º curso, e coas TICs no bacharelato, e nos ciclos de formación profesional con todos eles, xa que é unha materia transversal utilizada en tódolos módulos.

## Para máis información falar con...

**X.D. TECNOLOXÍA Venancio Piñeiro**



# FRANCÉS

Se che gusta viaxar, comunicarte a través de redes sociais con rapaces de outros países e se che gusta coñecer outras culturas, esta é a túa materia.

O francés é un dos 5 idiomas máis falados no mundo e o terceiro a nivel europeo no uso de Internet.

Podes elixir esta materia en 3º e/ou 4º, aínda que non a cursaras en 3º.



## Que vou aprender?

Aprenderás a falar francés e descubrirás tamén a cultura dos distintos países francófonos: Francia, Suíza, Mónaco, Luxemburgo, Bélxica, Canadá, Países do Magreb, Senegal, Costa de Marfil, etc

## Que vou a facer?

Audicións, cancións, Kahoot, diálogos, traballos en grupo, xogos, lectura de textos, etc

## Como beneficia o teu expediente académico?

É unha optativa que podes estudar durante toda a ESO e Bacharelato, en todos os itinerarios. Así conseguirás ter un bo nivel en dúas linguas estranxeiras e non perderás os coñecementos adquiridos en 1º e 2º ESO.

Os idiomas estranxeiros son valorados moi positivamente no mundo laboral. A presenza de varias empresas francesas na nosa comunidade (Stellantis/Citroën, Carrefour, Alcampo, Decathlon, Leroy Merlin, Feu Vert, Fnac, Conforama etc) fai que se valore cada vez máis o coñecemento do francés para acceder a un posto de traballo.

**Programa Cuale** : O Departamento de Francés imparte o Programa Cuale. Benefíciate no teu centro do único programa subvencionado pola Consellería de Educación para obter un título oficial de francés (Título DELF A2 expedido polo Ministerio de Educación francés e/ou título da EOI nivel A2)

**Para máis información falar con:** Elena Pazos



# ORATORIA

A materia Oratoria e Debate céntrase principalmente na adquisición e desenvolvemento da competencia en comunicación lingüística, sobre todo na oralidade e a súa práctica na aula, xa que permite a mellora desta e das demais destrezas comunicativas. Nesta materia reforzarás ou desenvolverás a túa capacidade para falar en público.



## Que vou a aprender?

Aprenderemos a escoitar, falar, participar, debater, decidir, comprender, defender e, en última instancia, convencer a alguén de algo. Polo tanto, ser un comunicador ou comunicadora competente pode marcar unha diferenza substancial tanto nas relacións persoais como no éxito da carreira académica e profesional. Trátase dunha habilidade social básica e de presenza central, constante e manifesta na nosa vida cotiá.

## Que vou a facer (como me van a avaliar):

Imos traballar coa lectura en voz alta, coa lectura dramatizada; vas aprender a facer unha boa presentación dos teus traballos e a seguir un debate formal.

Ao longo do curso, haberá unha variación significativa nos instrumentos de avaliación. Nas primeiras unidades, será preponderante o uso das probas escritas, coincidindo coa parte de contidos teóricos, que deberán asentarse como base para un desenvolvemento posterior. Pola contra, na última avaliación, só se usan táboas de indicadores, a efectos de rexistrar a actividade práctica propia da Oratoria, que será dominante no remate do curso.

## Con que estudos superiores está relacionada/desempeños profesionais:

Se ben esta materia non se relaciona de xeito directo con estudos superiores, si que nos vai a dar ferramentas útiles para abordar os distintos retos aos que nos enfrontemos ao longo da nosa vida tanto escolar coma como cidadáns xa que a oratoria contribuirá a desenvolver habilidades fundamentais, pois as persoas que se expresan ben en público acostuman a obteren mellores resultados académicos en todas as materias, xestionan mellor as súas emocións, fomentan a súa capacidade crítica, xeran pontes de entendemento co seu auditorio e exercen con eficacia o seu liderado.

**Para máis información falar co responsable da materia de Oratoria.**



# PROXECTO COMPETENCIAL

## : O MUNDO, UNHA VIAXE VIRTUAL

Este proxecto pretende un achegamento conxunto e compartido para adquirir ás competencias básicas, colaborando con todas as materias, para intentar afianzar unha ensinanza global, integradora e máis completa para o alumnado, a través dunha viaxe virtual polas diferentes culturas do mundo.

O proxecto permitirá descubrir, crear e compartir diferentes recursos de estudo, como xerar mapas mentais, fichas, brainstormings, presentacións en diferentes plataformas dixitais, tests e apuntes, mediante aspectos esenciais da cultura das diferentes cidades do mundo, ademais, intentará ser un referente de traballo interdisciplinar, potenciando valores como o traballo en equipo, compromiso, solidariedade, inclusividade, competencias básicas como a lingüística, a competencia dixital, aprender a aprender, a interacción co mundo físico e coordinando materias como as linguas, xeografía e historia, arte, economía, música, educación plástica e visual, E.F., etc.

### Relación de unidades didácticas:

1. Diseñar un plan de traballo: Comprender o mundo no que vivimos dende unha perspectiva ampla. Empatizar coas diversas culturas do mundo, coas súas características e problemáticas. Reflexionar sobre as actuacións a tomar, sobre a elección de destinos, os riscos e os retos que supón estes. Decidir a duración do proxecto e identificar os seus obxectivos. Decidir quen vai a realizar as diferentes tarefas. Determinar os pasos a seguir na súa execución.
2. Desenvolver o proxecto: Coordinación e uso eficiente dos tempos e dos recursos. Identificar as propias potencialidades, o traballo en equipo, cooperativo, motivado e responsable. Desenvolvemento das habilidades sociais: empatía, asertividade, negociación, bo clima de traballo.
3. Presentación do proxecto: Elaboración do produto final e presentación do mesmo. Presentar os resultados obtidos dun xeito eficaz empregando estratexias de comunicación ligadas as novas tecnoloxías. Empregar unha linguaxe positiva e control das emocións.

### Avaliación e criterios de cualificación:

O Proxecto Competencial avaliarase 100% mediante Táboas de Indicadores.

- 1ª Avaliación: Presentación de dossier informativo co plan de traballo. Escollo do tema e xustificación.
- 2ª Avaliación: Entrega do dossier de traballo coa procura de información. Vídeos, entrevistas, información recompilada e arquivada...
- 3ª Avaliación: Presentación e exposición do proxecto.

Como instrumentos de avaliación, empregaranse distintas listas de cotexo e rúbricas asociadas aos anteriores procedementos. Nestas rúbricas avaliaranse aspectos de traballo cooperativo, desempeño de rol concreto, realización de tarefas individuais....



# RELIXIÓN

## Que vou a aprender?

Querido/a alumno/a, si este curso decides elixir a materia de Relixión Católica en 3º da ESO, entre outras moitas cousas, viaxaremos virtualmente ao punto xeográfico no que naceu o cristianismo: Israel, e a través da Biblia e de importantes descubrimentos arqueolóxicos desentrañaremos como era esa terra antes, durante e despois do tempo de Xesús (costumes, clases sociais, situación da muller, oficios, gastronomía, menciña, relixión, tribunal de Xustiza, goberno, etc. Coñeceremos as continuas invasións deste pequeno territorio mediterráneo na antigüidade e afondaremos no conflito actual Israel- Palestina desde os seus inicios ata hoxe, buscando a súa orixe e as posibles solucións.



## Que vou a facer (como me van a avaliar):

Faremos todo o traballo nas horas de clase. A profesora elabora e aporta o material sobre o que traballará cada bloque temático. Utilizaremos: guións, textos, fichas, mapas, imaxes, noticias da actualidade, cine, materiais na web, xogos e dinámicas grupais..., para que ti mesmo/a de xeito autónomo seas protagonista da túa propia aprendizaxe, e vayas elaborando o teu personal libro de texto.

Para a túa avaliación contará: o traballo individual/grupal, a actitude cara a materia, ti mesmo/a e os demais, o ficheiro ao día, máis unha sinxela autoavaliación trimestral do traballo na aula, que che axudará a darte conta de que si prestas atención e participas con escoita activa na clase, sabes moito máis do que ti crés.

Teremos a posibilidade de interacción e colaboración en proxectos e campañas con diferentes entidades, asociacións e ONX, así como de saídas extraescolares para reforzar in situ coñecementos previos e a cohesión do grupo.

## Con que estudos superiores está relacionada/desempeños profesionais:

Presentamos valores esenciais válidos para calquera orientación e rama profesional que decidas escoller: humanística e artística, tecnolóxica, científica, da saúde, etc. Temos achegamentos a moitas facetas do coñecemento, que poden servir de base para diferentes estudos como: a Historia Antiga e Contemporánea, Historia da Arte, Belas Artes e Restauración, Arqueoloxía, Xeografía, Antropoloxía, Socioloxía, Maxisterio, Resolución de conflitos e mediación, Ecoloxía, Literatura Universal, Filosofía, Ética, Psicoloxía, Pedagogía, Teoloxía seclar ou sacerdotal, Ciencias Relixiosas, Dereito antigo e actual, Linguas Clásicas (latín e grego), Patrimonio cultural (material e inmaterial), Servicios Sociais, etc, sen perder nunca de vista a potenciación do teu valor como persoa que é un tesouro único, valioso e irrepetible, acompañándote no camiño de búsqueda da túa vocación persoal e do Sentido da túa vida.

**Para máis información falar coa profesora de Relixión : Elena Ferro Dios**



# 4º E.S.O.

## (Dirixido ás Ciencias)

### COMUNES

BIOLOXÍA E XEOLOXÍA (3 h.)  
EDUCACIÓN FÍSICA (2 h.)  
FÍSICA E QUÍMICA (3 h.)  
LINGUA CASTELÁ (3 h.)  
LINGUA ESTRANXEIRA—INGLÉS (3 h.)  
LINGUA GALEGA (3 h.)  
MATEMÁTICAS B (4 h.)  
TECNOLOXÍA (3 h.)  
TITORÍA (1 h.)  
XEOGRAFÍA E HISTORIA (3 h.)

### OPTATIVAS (A elexir unha)

2ª LINGUA ESTRANXEIRA (FRANCÉS) (3 h.)  
CULTURA CLÁSICA (3 h.)  
DIXITALIZACIÓN (3 h.)  
FILOSOFÍA (3 h.)  
ORATORIA (3 h.)

A Cultura Clásica e a Oratoria, si as cursou en 3º non pode cursalas en 4º

### (A elexir unha)

PROXECTO COMPETENCIAL  
(Axuda á comunidade) (1 h.)

RELIXIÓN CATÓLICA (1 h.)

# 4º E.S.O.

## (Dirixido ás Ciencias Sociais e Humanidades)

### COMUNES

EDUCACIÓN FÍSICA (2 h.)  
ECONOMÍA E EMPRENDEMENTO (3 h.)  
LATÍN (3 h.)  
LINGUA CASTELÁ (3 h.)  
LINGUA ESTRANXEIRA—INGLÉS (3 h.)  
LINGUA GALEGA (3 h.)  
MATEMÁTICAS B (4 h.)  
TITORÍA (1 h.)  
XEOGRAFÍA E HISTORIA (3 h.)

Elexir:

MÚSICA (3 h.)  
EXPRESIÓN ARTÍSTICA (3 h.)

### OPTATIVAS (A elexir unha)

2ª LINGUA ESTRANXEIRA (FRANCÉS) (3 h.)  
CULTURA CLÁSICA (3 h.)  
DIXITALIZACIÓN (3 h.)  
FILOSOFÍA (3 h.)  
ORATORIA (3 h.)

A Cultura Clásica e a Oratoria, si as cursou en 3º non pode cursalas en 4º

### (A elexir unha)

PROXECTO COMPETENCIAL  
(Axuda á comunidade) (1 h.)

RELIXIÓN CATÓLICA (1 h.)

# 4º E.S.O.

(Dirixido aos Ciclos Medios de F.P.)

## COMUNES

EDUCACIÓN FÍSICA (2 h.)  
FORMACIÓN E ORIENTACIÓN PERSOAL E PROFESIONAL (3 h.)  
LINGUA CASTELÁ (3 h.)  
LINGUA ESTRANXEIRA—INGLÉS (3 h.)  
LINGUA GALEGA (3 h.)  
MATEMÁTICAS B (4 h.)  
TECNOLOXÍA (3 h.)  
TITORÍA (1 h.)  
XEOGRAFÍA E HISTORIA (3 h.)

Elexir:

MÚSICA (3 h.)  
EXPRESIÓN ARTÍSTICA (3 h.)

## OPTATIVAS (A elexir unha)

2ª LINGUA ESTRANXEIRA (FRANCÉS) (3 h.)  
CULTURA CLÁSICA (3 h.)  
DIXITALIZACIÓN (3 h.)  
FILOSOFÍA (3 h.)  
ORATORIA (3 h.)

A Cultura Clásica e a Oratoria, si as cursou en 3º non pode cursalas en 4º

## (A elexir unha)

PROXECTO COMPETENCIAL  
(Axuda á comunidade) (1 h.)

RELIXIÓN CATÓLICA (1 h.)



# CULTURA CLÁSICA



## Que vou a aprender?

A **cultura clásica** é unha materia na que se estudan diferentes aspectos da cultura grega e romana antigas que seguen vivos e presentes aínda hoxe, en todos os aspectos da cultura occidental: mitoloxía, literatura, educación, costumes, economía, dereito, organización social, exército, historia, arte, lingua... O que se aprende nesta materia é a orixe da nosa propia cultura, lingua e costumes.

## Que vou a facer ? (como me van a avaliar)

As clases son moi participativas e amenas porque, en realidade, todos o alumnado ten, as veces sen sabelo, moitos coñecementos que aportar sobre a cultura na que viven inmersos.

Antes de tratar cada tema, vemos que sabe o alumnado sobre o mesmo a partir doutras materias, das lecturas que fixeron en cursos anteriores, das súas viaxes e excursións, das visitas á museos, películas...

Para a avaliación terase en conta o traballo e a participación na aula, aínda que tamén se fará algunha proba escrita para valorar os coñecementos acadados de cada tema

## Con que estudos está relacionada

Con cultura clásica coñecerás as bases da arte, mitoloxía, historia...

## Para máis información falar con...

Loli Cruz ou Marita García



# DIXITALIZACIÓN

Esta materia trata de favorecer os aprendizaxes que lle permitan ao alumnado facer un uso competente das tecnoloxías, tanto na xestión de dispositivos e entornos de aprendizaxe como no fomento do benestar dixital, o que posibilita co alumnado tome conciencia e constrúa unha identidade dixital adecuada.



## Que vou a aprender?

A materia afonda nos coñecementos, destrezas e actitudes en competencia dixital cunha metodoloxía práctica, na que aprenderán a traballar con programas de edición de textos, follas de cálculo, debuxo, programación, robótica, impresión 3D, etc. E abordase con un enfoque transversal e continuado ao longo do curso dos contidos necesarios para poder exercer una cidadanía dixital activa e comprometida de modo seguro, completando o proceso de formación dixital do alumnado.

## Que vou a facer (como me van a avaliar):

Os materiais estarán aloxados na aula virtual MOODLE e realizarán traballos de investigación, exposicións audiovisuais e tarefas relacionadas cos contidos. Estes traballos realizados polo alumnado serán os instrumentos para a súa avaliación.

## Con que estudos superiores está relacionada/desempeños profesionais:

No bacharelato está relacionada coa materia TICs, e nos ciclos de formación profesional con todos eles, xa que é unha materia transversal utilizada en todos os módulos.

## Para máis información falar con...

X.D. TECNOLOXÍA Venancio Piñeiro



# EXPRESIÓN ARTÍSTICA

Queres **desenvolver a túa creatividade** e acceder ao coñecemento de **técnicas e procedementos** para expresarte a través da arte, o deseño e o audiovisual?



## Que vou aprender?

Na materia de Expresión Artística vas a poder experimentar con as principais técnicas artísticas de **debuxo, pintura, gravado e escultura**, así como coñecer os **fundamentos da linguaxe audiovisual** (fotografía, banda deseñada, cine e multimedia). Todo iso nun **ambiente de diverxencia e tolerancia** onde de se valorará a análise e reflexión.

## Que vou facer (como me van a avaliar)?

Vas a crear imaxes con as **técnicas tradicionais**, coñecendo os materiais, as ferramentas e as fases do **proceso creativo**. Vas a comprender as regras de composición e **narrativa audiovisual**. Vas a coñecer o traballo de **artistas, ilustradores e creadores dixitais**. Vas a aprender a analizar e criticar producións artísticas e audiovisuais.

## Con que estudos superiores está relacionada/desempeños profesionais?


Bacharelato nas modalidades de Artes e Humanidades. Ciclos formativos e estudos artísticos.

**Para máis información falar con...** profesores do Dpto de Debuxo.



# FILOSOFÍA

Se che gusta facerte preguntas e pensar por ti mesmo/a, se che gusta argumentar, debater e confrontar ideas, iso é o que vas atopar nes-



## Que vou aprender?

Na materia de Filosofía trataremos de reflexionar sobre cuestións como: Quen son eu? Como podo motivarme para conseguir as miñas metas? Por que se deben respectar as normas? Poderíamos vivir fóra da sociedade? Podo ter a certeza de que o que considero que sei é realmente verdadeiro? Por que as emocións e os afectos son tan importantes na miña vida? ou como podo desenvolver a miña intelixencia emocional?

## Que vou facer (como me van avaliar)?

Debates e actividades de reflexión sobre os temas de actualidade relacionados coa materia, lectura de textos básicos, exames teóricos e traballos de exposición en grupo.

## Con que estudos está relacionada esta materia?

Se vas continuar estudos de Bacharelato, esta materia é unha iniciación á materia de Filosofía que vas cursar nos dous anos de Bacharelato e se non vas seguir estudos de Bacharelato, esta materia pode darche unha introdución básica a unha disciplina con máis de 2500 anos de antigüidade.

## Para máis información falar con...

Sonia Soto Boullosa (Departamento de Filosofía)



# FRANCÉS

Se che gusta viaxar, comunicarte a través de redes sociais con rapaces de outros países e se che gusta coñecer outras culturas, esta é a túa materia.

O francés é un dos 5 idiomas máis falados no mundo e o terceiro a nivel europeo no uso de Internet.

Podes elixir esta materia en 3º e/ou 4º, aínda que non a cursaras en 3º.



## Que vou aprender?

Aprenderás a falar francés e descubrirás tamén a cultura dos distintos países francófonos: Francia, Suíza, Mónaco, Luxemburgo, Bélxica, Canadá, Países do Magreb, Senegal, Costa de Marfil, etc

## Que vou a facer?

Audicións, cancións, Kahoot, diálogos, traballos en grupo, xogos, lectura de textos, etc

## Como beneficia o teu expediente académico?

É unha optativa que podes estudar durante toda a ESO e Bacharelato, en todos os itinerarios. Así conseguirás ter un bo nivel en dúas linguas estranxeiras e non perderás os coñecementos adquiridos en 1º e 2º ESO.

Os idiomas estranxeiros son valorados moi positivamente no mundo laboral. A presenza de varias empresas francesas na nosa comunidade (Stellantis/Citroën, Carrefour, Alcampo, Decathlon, Leroy Merlin, Feu Vert, Fnac, Conforama etc) fai que se valore cada vez máis o coñecemento do francés para acceder a un posto de traballo.

**Programa Cuale** : O Departamento de Francés imparte o Programa Cuale. Benefíciate no teu centro do único programa subvencionado pola Consellería de Educación para obter un título oficial de francés (Título DELF A2 expedido polo Ministerio de Educación francés e/ou título da EOI nivel A2)

**Para máis información falar con:** Elena Pazos





# MÚSICA

Neste 4º curso de ESO, a materia centrarase nun coñecemento máis profundo da música a través da interpretación instrumental, vocal ou dancística, da creación, da improvisación, das aplicacións tecnolóxicas e dixitais, da escoita activa e da análise crítica e reflexiva de obras ou fragmentos musicais, escénicos ou dancísticos de diferentes estilos e culturas do mundo, facendo especial fincapé nas manifestacións musicais de Galicia e de España.

Os contidos articúlanse en tres bloques:

- "Escoita e percepción": contidos indispensables para desenvolver o concepto de identidade cultural a través da exposición a diferentes propostas audiovisuais que permitan o achegamento do patrimonio musical e dancístico como fonte de inspiración e coñecemento das posibilidades da arte, e como medio de expresión de sentimentos e emocións.

- «Interpretación, improvisación e creación escénica»: con este bloque de contidos preténdese a aprendizaxe de conceptos clave da linguaxe musical desde o entendemento da aula como un espazo dinámico no que o alumnado se sinta cómodo expresando as súas ideas, tanto a través da utilización meditada do seu corpo e dos instrumentos musicais, coma do uso libre de distintas linguaxes. Aprender a música a través da experiencia de ser músico, baseándonos no traballo por proxectos grupais.

- «Contextos e culturas»: aproximación aos diferentes xéneros e estilos musicais máis representativos do patrimonio musical. Con este bloque propónse un achegamento de maneira global e ordenada ás diferentes manifestacións musicais producidas ao longo da historia, tanto por mulleres como por homes; un achegamento que ofrezca unha visión da importancia da arte como medio de expresión.

## Unidades didácticas:

1. O silencio
2. As mulleres na música os homes na danza
3. O Jazz
4. A música popular urbana
5. A música nos medios de produción audiovisual
6. As músicas do mundo
7. A música e a danza en España
8. A música e a danza en Galicia
9. Música nas artes escénicas
10. Todos a escena!
11. A linguaxe da música



## Avaliación:

O 60 % da materia avalíase mediante táboas de indicadores e o contido será práctico  
O 40% da materia avalíase con probas escritas e o contido será teórico .



# ORATORIA

A materia Oratoria e Debate céntrase principalmente na adquisición e desenvolvemento da competencia en comunicación lingüística, sobre todo na oralidade e a súa práctica na aula, xa que permite a mellora desta e das demais destrezas comunicativas. Nesta materia reforzarás ou desenvolverás a túa capacidade para falar en público.



## Que vou a aprender?

Aprenderemos a escoitar, falar, participar, debater, decidir, comprender, defender e, en última instancia, convencer a alguén de algo. Polo tanto, ser un comunicador ou comunicadora competente pode marcar unha diferenza substancial tanto nas relacións persoais como no éxito da carreira académica e profesional. Trátase dunha habilidade social básica e de presenza central, constante e manifesta na nosa vida cotiá.

## Que vou a facer (como me van a avaliar):

Imos traballar coa lectura en voz alta, coa lectura dramatizada; vas aprender a facer unha boa presentación dos teus traballos e a seguir un debate formal.

Ao longo do curso, haberá unha variación significativa nos instrumentos de avaliación. Nas primeiras unidades, será preponderante o uso das probas escritas, coincidindo coa parte de contidos teóricos, que deberán asentarse como base para un desenvolvemento posterior. Pola contra, na última avaliación, só se usan táboas de indicadores, a efectos de rexistrar a actividade práctica propia da Oratoria, que será dominante no remate do curso.

## Con que estudos superiores está relacionada/desempeños profesionais:

Se ben esta materia non se relaciona de xeito directo con estudos superiores, si que nos vai a dar ferramentas útiles para abordar os distintos retos aos que nos enfrontemos ao longo da nosa vida tanto escolar coma como cidadáns xa que a oratoria contribuirá a desenvolver habilidades fundamentais, pois as persoas que se expresan ben en público acostuman a obteren mellores resultados académicos en todas as materias, xestionan mellor as súas emocións, fomentan a súa capacidade crítica, xeran pontes de entendemento co seu auditorio e exercen con eficacia o seu liderado.

**Para máis información falar co responsable da materia de Oratoria.**



# PROXECTO COMPETENCIAL

## AXUDAS Á COMUNIDADE

Es unha persoa que sempre está disposta a axudar? Es sensible ao que pasa ao teu arredor? Sentes as inxustizas alleas coma túas e que necesitas facer algo para combatelas? Quizais busques comprometerte nunha acción solidaria pero necesitas saber máis. Daquela, esta é a túa materia.



### Que vou a aprender?

Na materia de *Proxecto competencial: axuda á comunidade* vas a coñecer o labor desenvolvido por diferentes ONGs, desde internacionais ata locais, de modo que a medida que te achegas ao seu funcionamento, descubras en ti as habilidades da solidariedade e empatía ata querer levar a práctica aquilo que estea nas túas mans e poida mellorar unha situación de inxustiza social.

### Que vou a facer (como me van a avaliar):

Traballos de investigación en grupo ou individuais sobre diferentes asociacións de axuda a persoas, animais ou medios naturais, visualización de documentais e lectura de noticias de actualidade con un espírito crítico, asistencia a charlas sobre temática de voluntariado, realización de campañas de concienciación e saídas para coñecer o traballo de diferentes organizacións da nosa contorna.

### Con que estudos superiores está relacionada/desempeños profesionais:

Esta materia reforza os aspectos máis transversais do currículo, favorecendo a capacidade de solidariedade e empatía do alumnado e fomentando a súa confianza, autoestima e autonomía. Ademais, pode ser o primeiro chanzo de cara a un labor de voluntariado universitario, non en van no último ano 20.000 estudantes participaron en accións de voluntariado. Por outro lado, existen programas estatais como o *Corpo Europeo de Solidaridade* que permite á mocidade de entre 18 e 30 anos facer voluntariado na UE realizando actividades que aportan experiencia vital, aprendizaxe, idiomas e o colaborar con unha comunidade.

**Para máis información falar coa Xefatura de Estudos.**



# RELIXIÓN

## Que vou a aprender?

Querido/a alumno/a, si este curso decides elixir a materia de Relixión Católica en 4º da ESO, entre outras moitas cousas, viaxaremos desde os inicios do cristianismo ata o momento actual, a través das súas manifestacións artísticas, desde a arte paleocristiana das catacumbas a arte moderna que coñeces, pasando pola riqueza cultural creada e conservada nos monasterios ao longo de séculos, vendo que a fe cristiá fíxose cultura reflexada en todas as facetas do patrimonio artístico que nos rodea.



## Que vou a facer (como me van a avaliar):

Faremos todo o traballo nas horas de clase. A profesora elabora e aporta o material sobre o que traballarás cada bloque temático. Utilizaremos: guións, textos, fichas, mapas, imaxes, noticias da actualidade, cine, materiais na web, xogos e dinámicas grupais..., para que ti mesmo/a de xeito autónomo seas protagonista da túa propia aprendizaxe, e vayas elaborando o teu personal libro de texto.

Para a túa avaliación contará: o traballo individual/grupal, a actitude cara a materia, ti mesmo/a e os demais, o ficheiro ao día, máis unha sinxela autoavaliación trimestral do traballado na aula, que che axudará a darte conta de que si prestas atención e participas con escoita activa na clase, sabes moito máis do que ti crés.

Teremos a posibilidade de interacción e colaboración en proxectos e campañas con diferentes entidades, asociacións e ONX, así como de saídas extraescolares para reforzar in situ coñecementos previos e a cohesión do grupo.

## Con que estudos superiores está relacionada/desempeños profesionais:

Presentamos valores esenciais válidos para calquera orientación e rama profesional que decidas escoller: humanística e artística, tecnolóxica, científica, da saúde, etc. Temos achegamentos a moitas facetas do coñecemento, que poden servir de base para diferentes estudos como: a Historia Antiga e Contemporánea, Historia da Arte, Belas Artes e Restauración, Arqueoloxía, Xeografía, Antropoloxía, Socioloxía, Maxisterio, Resolución de conflitos e mediación, Ecoloxía, Literatura Universal, Filosofía, Ética, Psicoloxía, Pedagogía, Teoloxía seglar ou sacerdotal, Ciencias Relixiosas, Dereito antigo e actual, Linguas Clásicas (latín e grego), Patrimonio cultural (material e inmaterial), Servicios Sociais, etc, sen perder nunca de vista a potenciación do teu valor como persoa que é un tesouro único, valioso e irrepetible, acompañándote no camiño de búsqueda da túa vocación persoal e do Sentido da túa vida.

**Para máis información falar coa profesora de Relixión** : Elena Ferro Dios